

CREATING OUR OWN WORRY DOLLS





ESTA TAREFA FOI ELABORADA SEGUINDO O DECRETO 155/2022, DO 15 DE SETEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

1. Identificación

CREATING OUR OWN WORRY DOLLS

ETAPA	Educación Primaria	NIVEL	3º e 4º
ÁREAS	Lingua estranxeira inglés, educación artística (plástica) e proxecto competencial.	MESTRA	Andrea Comesaña

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

Ó longo desta tarefa aprenderemos sobre a elaboración artesanal das monecas sacapenas, afondando sobre a súa orixe e a súa relación cos medos. Reflexionando sobre as nosas propias emocións e as distintas maneiras de lidiar con elas. Reflexionamos tamén sobre os medos, que nos fan sentir e como reaccionamos ante eles. Finalmente, elaboraremos o noso produto final: as bonecas sacapenas. A súa elaboración será o fío condutor desta tarefa así como un elemento motivador para o noso alumnado.

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:





Esta tarefa realizarase de forma globalizada e responderá o lema da escola “Pensa globalmente, actúa localmente”, que artella a actividade educativa durante o pasado e o presente curso académico. Asemade, a través desta tarefa estaremos a contribuír o desenvolvemento dun ODS de maneira directa, o **ODS 3 “Saúde e benestar”**.

A través desta tarefa estaremos a reflexionar sobre as nosas emocións e as alleas o que nos axudará a entender as distintas formas en que se pode reaccionar ante unha situación ou una emoción e, paralelamente, contribuirá a que o alumnado entenda mellor o que sente en cada situación. Xeraranse contextos de confianza e reflexión onde tamén propiciaremos o desenvolvemento da empatía. Este traballo faise máis necesario que nunca, nun contexto no que a pandemia, evidenciou a necesidade de reflexionar e afondar na educación emocional das crianzas para aumentar a súa sensación de benestar.



CONTEXTO:

Esta tarefa levarase a cabo con grupos mixtos de alumnado de entre 12 – 13 persoas. Estes grupos estarán formados por alumnado de terceiro e cuarto, desenvolvéndose este ámbito na aula de 4º de educación primaria. Durante 2 das sesións nas que se desenvolva o ámbito contaremos coa colaboración da auxiliar de conversa.





2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>Círculos para a cohesión.</p> <p>Responderemos ás seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none">- Which feelings or emotions do you know?- How many feelings can you experience in a day? Which ones?- Have you ever been scared? Why?- What do you do when you are scared? <p>What makes you feel better when you are scared?</p>	<p>CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. OBX3</p> <p>CA2.6 Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.</p>	<p>Lista de control</p>



<p>Identificación de distintas emocións.</p> <p>Emocións e sentimentos abordados: scared, happy, sad, funny, disgusted, sleepy, worried, angry, amazed and surprised.</p>	<p>CE3.3. Empregar unha linguaxe corporal e unha presenza escénica como códigos comunicativos para salientar a expresividade e eficacia do discurso. OBX3</p>	
<p>Xogo de motivación: Simon Says. Acting out.</p>	<p>CA1.1. Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentados en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. OBX1</p>	<p>Diario de aula.</p>
<p>Presentación do produto a realizar.</p>	<p>CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. OBX1</p>	<p>Escala de valoración</p>



<p>Lectura compartida: as bonecas quitapenas.</p> <p>Lemos un texto sobre as bonecas sacapenas que conta con imaxes variadas para facilitar a comprensión sen necesidade do uso de traducións.</p>	<p>3º CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións. OBX3</p>	<p>Escala de valoración que se aplicará na posta en común en gran grupo das ideas principais.</p>
<p>Rutina de pensamento: compare and contrast.</p>	<p>CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. OBX 2</p>	<p>Escala de valoración que se aplicará ó produto realizado polo alumnado.</p>
<p>I feel... when I</p>	<p>CA1.3. Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns. OBX1</p> <p>CA1.4 Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas</p>	<p>Escala de valoración que se aplicará ó produto realizado polo alumnado.</p>



	analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado. OBX2	
Elaboración das bonecas sacapenas.	CA3.2. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal. OBX6 CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. OBX4	Escala de valoración que se aplicará ó produto realizado polo alumnado.
Presentamos as nosas bonecas sacapenas.	CA4.5 Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. OBX4	Escala de valoración que se aplicará ó produto realizado polo alumnado.
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		
Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.		





O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.

Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.

Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.

Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais.

Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.


3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)






ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3
<p>Círculos para a cohesión.</p> <p>Responderemos ás seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none">- Which feelings or emotions do you know?- How many feelings can you experience in a day? Which ones?- Have you ever been scared? Why?- What do you do when you are scared?- What makes you feel better when you are scared?	<p>Respondemos a primeira das preguntas en círculo.</p>	<p>Establecemos os roles dentro de cada equipo e establecemos compromisos de cara ó traballo no ámbito (caderno de equipo).</p>	<p>Facemos unha reflexión de podo podemos contribuir a acadar as ODS a través desta tarefa.</p>




Caderno de equipo	Asignacións dos distintos roles do equipo.	Establecemento dos compromisos e revisión dos mesmos.	
Identificación de distintas emocións. Emocións e sentimentos abordados: scared, happy, sad, funny, disgusted, sleepy, worried, angry, amazed and surprised.	Presentar diferentes flashcards que mostren emocións distintas e intentar nomealas para coñecer os coñecementos previos deste tema.	Unir cada flashcard o nome da emoción como forma de coñecer ese vocabulario en gran grupo. 	Cada alumno terá unha flashcard e as persoas coa imaxe deberán preguntar ó resto de compañeiros “Are you happy?” ou “Are you scared?”, empregando a emoción que lles tocara ata que atopen á persoa que teña a palabra que describe a súa imaxe.
Xogo de motivación: Simon Says. Acting out.	En gran grupo intentar representar coa expresión facial as emocións presentadas.	Escoitar distintas situacións en inglés e representar que emoción nos espertaría cada unha delas.	
Presentación do produto a realizar.	Vemos como son as bonecas quitapenas que elaboraremos durante o ámbito.		






<p>Lectura compartida: as bonecas quitapenas.</p> <p>Lemos un texto sobre as bonecas sacapenas que conta con imaxes variadas para facilitar a comprensión sen necesidade do uso de traducións.</p>	<p>Presentamos o texto e algunhas palabras chave en inglés.</p>	<p>Numerámonos nos equipos e comezamos coa lectura.</p> <p>O número 1 le o texto.</p> <p>O número 2 sinala as palabras chave.</p> <p>O número 3 resume o lido.</p> <p>O número 4 repite o resumo e engade o que considere.</p>	
<p>Rutina de pensamento: compare and contrast.</p>	<p>Analizamos as diferenzas entre unha “Worry doll” e as bonecas e bonecos que temos o seu arredor.</p> 	<p>Reflexionamos sobre o efecto medioambiental de cada unha delas.</p>	



I feel... when I	Activación dos coñecementos previos de cada emoción. Seleccionamos unha flashcard ó azar (das emocións que traballamos) e explicamos en que situación sentimos esa emoción.	Facemos un póster en equipos no que recollamos de forma gráfica a nosa reflexión.	Gravamos a nosa reflexión e incluímosla no póster a través dun código QR.
Canción Happy by Pharrell Williams	Escoitamos e bailamos coa canción de Pharrell Williams	Reflexionamos sobre as emocións que nos suscita o arte.	Círculo: Son as emocións contaxiosas?
Elaboración das bonecas sacapenas.	Planificamos o proceso de elaboración das bonecas sacapenas, empregando un design thinkin que cada equipo cubrirá na forma de expresión escollida (debuxo, escrita, audio, vídeo). 	Facemos o corpo empregando papel de embalar e material de refugallo.	Con teas recicladas elaboramos a súa vestimenta.





<p>Presentamos as nosas bonecas sacapenas.</p>	<p>Gravamos a explicación do que é a boneca sacapenas en equipos.</p>	<p>Descubrimos a boneca elaborada e o que leva posto. Para iso empregamos un soporte visual que nos axude no noso discurso. Por exemplo:</p> <div data-bbox="1084 448 1496 719"></div>	
<p>Panel scrum</p>	<p>Compartimos en gran grupo as distintas actividades que se realizarán en cada sesión.</p>	<p>Revisamos ó final de cada sesión o conseguido e o que nos queda por conseguir.</p> <p>Analizamos as dificultades e facemos propostas de mellora.</p>	

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)



ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMIENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIDADE
<p>Círculos para a cohesión.</p> <p>Responderemos ás seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none">- Which feelings or emotions do you know?- How many feelings can you experience in a day? Which ones?- Have you ever been scared? Why?- What do you do when you are scared? <p>What makes you feel better when you are scared?</p>	Aula	Gran grupo	Obxecto da palabra	10 minutos o comezo de cada sesión.
Caderno de equipo	Aula	Equipos base	Caderno de equipo Material funxible	5 minutos ó comezo de cada sesión.
Identificación de distintas emocións.	Aula	Gran grupo	Flashcards	20 minutos





Emocións e sentimentos abordados: scared, happy, sad, funny, disgusted, sleepy, worried, angry, amazed and surprised.				
Xogo de motivación: Simon Says. Acting out.	Patio	Gran grupo	Flashards	40 minutos
Presentación do produto a realizar.	Aula	Gran grupo	Imaxes das bonecas	10 minutos
Lectura compartida: as bonecas quitapenas. Lemos un texto sobre as bonecas sacapenas que conta con imaxes variadas para facilitar a comprensión sen necesidade do uso de traducións.	Aula	Equipos base	Lectura 	20 minutos
Rutina de pensamento: compare and contrast.	Aula	Equipos base	Soporte da rutina de pensamento.	20 minutos





I feel... when I	Aula, corredor e sala de mestres	Equipos base	Tablets Cartolinas e pinturas Material funxible Auxiliar de conversa	40 minutos
Canción Happy by Pharrell Williams	Aula	Gran grupo	Computador Alto falantes	4 minutos
Elaboración das bonecas sacapenas.	Aula	Equipos base	Papel de embalar Cordel Silicona líquida Teas Tesoiras Medias Papel de cociña Abelorios	180 minutos
Presentamos as nosas bonecas sacapenas.	Corredor e sala de mestres	Equipos base	Tablets Soporte gráfico para facilitar a exposición oral.	10 minutos.
Panel scrum	Aula	Gran grupo	Planilla do Scrum	5 minutos ó remate de cada sesión





5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
APRENDIZAXE DO ALUMNADO	Listas de cotexo Escala de valoración	Observación directa e análise das producións (Heteroavaliación).
PRÁCTICA DOCENTE	Escala de valoración	Reflexión individual sobre o desenvolvemento da tarefa. Empregarase a escala de valoración como guía (Autoavaliación).
DESEÑO DA TAREFA	Escala de valoración	Análise da escala de valoración realizada. Reflexión conxunta co equipo de nivel (Autoavaliación).

LISTA DE COTEXO





ESTÁNDAR	SI	NON
Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.		
Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.		
Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.		
Respecta as opinións da persoa que fala.		
Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.		
Mostra unha actitude positiva cara a lingua inglesa.		
Repite estruturas básicas de comunicación traballadas na aula en lingua inglesa.		





INDICADOR	NUNCA	ÁS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE
Mostra unha actitude positiva cara a lingua estranxeira.				
Intenta comunicarse empregando o inglés como vehículo de comunicación.				





<p>Elabora mensaxes de simples de forma coherente.</p>				
<p>Selecciona a información relevante dun texto.</p>				
<p>Categoriza, contrasta e compara a información relevante de forma acertada.</p>				



<p>Mostra comprensión de textos orais sinxelos en lingua inglesa.</p>				
<p>Segue os pasos das instrucións da elaboración dunha boneca sacapenas.</p>				
<p>Comunica de forma clara que é unha bonecasacapenas.</p>				







ESCALA VALORACIÓN PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado?				
2. Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe?				
3. Conseguiuse a participación activa do alumnado?				
4. Contouse co apoio e a implicación das familias?				
5. As necesidades do alumnado foron atendidas?				
6. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación?				
7. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
8. Valorouse o traballo en equipo do alumnado?				
9. Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade?				
10. Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE?				
11. Hai unha proporción equilibrada de traballo grupal e individual?				
12. Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral?				
13. Incorporáanse as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe?				
14. Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo?				